

**Resolución do 03 de marzo de 2020 do Director-Xerente de SEAGA, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro/a Agrónomo/a, resultante dos períodos de actualización de listas, pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as nesta categoría.**

Por resolución do 14 de febreiro de 2020 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobouse e fíxose pública a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría profesional de Enxeñeiro/a Agrónomo/a, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2019.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

**Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.**

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro/a Agrónomo/a, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2019.

**Segundo.- Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.**

Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro/a Agrónomo/a, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2019, trala resolución das reclamacións efectuadas, que figura publicada como ANEXO, na que os/as candidatos/as figuran por orde do D.N.I, apelidos e nome, co/s perfil/is profesional/is, ámbito/s territorial/is e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

Santiago de Compostela, a 03 de marzo de 2020.

O Director-Xerente



Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.